

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA

ZAS | 8/9 | AGOSTO | 2025



//ABANCA



VENRES
8

A partir das 22:00 h.

- CATUXA SALOM
- TANXUGUEIRAS
- AGORAPHOBIA

SÁBADO
9

A partir das 12:00 h.

- UXÍA LAMBONA
E A BANDA MOLONA
- A BANDA DA LOBA
- FOLIADA
- CARMELA

A partir das 22:00 h.

- CAAMAÑO AMEIXEIRAS
- MERCEDES PEÓN
- SES
- SEÑORA DJ

ticketrona





40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

ORIXES

A Carballeira de Zas, festa de interese turístico galego, nace como unha festa popular no ano 1983. Hoxe en día é unha das principais citas do folk a nivel mundial.

O prestixio deste festival gáñase cada ano no coidado do cartel, traendo aos números un do folk, pero sabendo manter en todo momento a esencia e orixes.

Durante os últimos 40 anos, este festival convértese nunha cita ineludible dos amantes do folk e os festivais de todo o mundo.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

CATUXA SALOM

A **fusión de ritmos indíxenas arxentinos**, folclore galego e bases electrónicas enérxicas é a carta de presentación de Catuxa Salom, unha artista que irrompe con forza na escena independente coa publicación do seu EP *Nunha aldea*, sobre o achegamento ao mundo rural.

Logo de percorrer salas de concertos e festivais de toda España, e compartir escenario con artistas como Rozalén, El Kanka ou Sra. Tomasa entre outros nomes.

O seu directo ofrece unha experiencia visual e sonora envolvente, cunha posta en escena deseñada por Javier Marimón, vestuario vangardista de Ana Surma e o acompañamento de Lucía Cortiñas e Yudit Almeida na percusión, contrabaixo e sintetizadores.

No **2024** recibe o Premio Martín Códax na categoría “Músicas do Mundo e Mestizaxe”.

Cāldo é o seu primeiro LP publicado en novembro de 2024. Un álbum feito “para facerbailar”, no que os instrumentos de raíz, oscoidados e a natureza se mesturan coa música electrónica, afrobeat ou reggaeton.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

TANXUGUEIRAS

Tanxugueiras é o grupo que está desafiando e cambiando o paradigma musical estatal. **Aida, Sabela e Olaia**, cun son totalmente diferente pero recoñecible, adaptan a música tradicional galega a estilos actuais para darlle una nova vida. O grupo galego abriu de par en par as portas do resto de idiomas oficiais do estado no circuío musical, colleitando éxitos, recoñecementos e grande visibilidade grazas á súa música. Seu é o mérito de manter viva a tradición, o idioma, o folclore e dotalo de novos significados, para levalos ante un público masivo e elevar o foco das distintas culturas e músicas que conviven dentro dun estado.

Tras un **2024** no que conquistaron grandes recintos ao longo do estado, cun inicio de xira en Francia, Tanxugueiras segue agrandando o seu legado. O seu novo directo, englobado baixo a xira AntesD, conta co carácter máis dinámico e potente visto ata agora no grupo, nunha proposta contundente que as eleva á primeira liña da música estatal. Neste **2025** pecharán a súa xira cos últimos concertos que as levarán de novo por toda a península, amosando a súa continua exploración de novos retos e posibilidades sonoras nos seus temas e directos.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

AGORAPHOBIA

A REVOLUCIÓN SONORA QUE NON TE PODES PERDER.

Dende Galicia, Agoraphobia chega pisando forte con dous singles que están redefinindo as regras do xogo: “Eyes Never Lie” e “Fuck You Tony”. Cunha traxectoria impecable e unha enerxía en directo que arrasa, estas cinco guerreiras do rock alternativo están listas para conquistar todos os escenarios.

¿PORQUÉ AGORAPHOBIA?

- 1. Presencia arrolladora:** Cando Agoraphobia pisa un escenario, non hai escapatoria. O seu directo é pura electricidade, capaz de facer vibrar dende o primeiro acorde.
- 2. Proxección internacional:** Con xiras por Europa e participacións en festivais de renome como Mad Cool e Resurrection Fest, Agoraphobia non só lidera a escea nacional, sinon que seu nome resona máis alá das nosas fronteiras.
- 3. Versatilidade e frescura:** A súa música conecta con un público variado, dende os amantes do garage e o punk ata os que buscan algo auténtico e diferente.



LUXIA

LAMBONA

E A BANDA MOLONA

40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

UXÍA LAMBONA

Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina “rapeada” ata O Jato “rockeiro”, pasando por outros moitos temas tradicionais, todos eles moi dinámicos, facendo que todos os nen@s presentes sexan partícipes deste “des-concerto”, cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra ¡**SORPRESA!**



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

A BANDA DA LOBA

A banda da Loba regresa aos escenarios con máis forza ca nunca. As Lobas reaparecen cun novo traballo que se chamará “Lovismo” e que verá a luz a comezos de 2025.

Sen abandonaren o seu característico estilo caleidoscópico, falarannos de diferentes tipos de amor a través da bachata, o popou a música disco, sen deixar de lado a inspiración literaria da que sempre botan man e reivindican.

A banda está integrada por Andrea Porto (baixo), Estela Rodríguez(violín), Marcela Porto (percusión), Xiana Lastra (voz) e Iria de Cabo (guitarra), que chega á formación substituíndo a Inés Mirás.

ABDL é compromiso, reivindicación e fusión a través dunha música moi diversa e, ao mesmo tempo, moi característica, que encaixa con todo tipo de público.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

CARMELA

Carmela é un proxecto musical que basea o seu repertorio na música de tradición oral galega, a través do canto e a percusión de man como elementos definitorios.

Iniciando o traballo dende informantes e arquivos musicais, o obxectivo do proxecto é trasladar aos palcos a esencia destas melodías acompañadas dunha visión propia e actual, empregando non só criterios estéticos, senón outros vinculados coa análise musical e de contexto da música coa que se traballa, un achegamento que suma a investigación etnomusicolóxica coa interpretación e arranxo musical.

Carmela utiliza a tradición como un ente flexible e moldeable que se adapta ao contexto musical actual a través de sons que viaxan dende as percusións ata referencias electrónicas. Un proxecto diferente no seu discurso tanto musical coma extramusical que posiciona a tradición oral e a perspectiva de xénero no centro.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

CAAMAÑO AMEIXEIRAS

A EXPANSIÓN DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA A NIVEL INTERNACIONAL

Caamaño&Ameixeiras é un dos grandes expoñentes a nivel internacional da nova música tradicional galega. Resignificando a música e o baile de raíz cos sons máis contemporáneos, o dúo está expandindo o seu talento alén das fronteiras galegas. O seu tratamento íntimo e profundo da tradición popular galega está levando a Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras a destacar no panorama estatal e internacional.

Cunha posta en escena impactante, coidada e atrevida, contan xa con grandes e numerosas actuacións, levando os seus directos a países como **Italia, Bélxica, Francia, Portugal, Eslovaquia, República Checa ou Austria**. Ademais, as súas cancións acumulan xa centos de miles de escoitas en plataformas dixitais, os seus discos levan miles de copias vendidas e veñen de colaborar con artistas da talla de Rodrigo Cuevas.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

MERCEDES PEÓN

Compositora heteroxénea, vocalista e multiinstrumentalista galega. A formación musical de Mercedes Peón ven da súa inmersión en aldeas galegas durante 25 anos dende que, tendo tan só 13 anos, escoita cantar ás mulleres da creación colectiva musical da Costa da Morte. O tocar da pandereta e o cantar da ribeirana son o detonante para asombrarse da inmensa beleza das cancións, bailes, contos e vivencias das habitantes das aldeas.

Comeza así unha intensa recopilación de campo e aprendizaxe de iso que ela nomea como “creación colectiva de microhábitats”, que transmitirá a través da aprendizaxe nas escolas municipais, na Televisión Pública de Galicia ou en universidades como Sorbona, Porto ou País de Gales, entre outras. No ano 2000 grava o seu primeiro álbum, *Isué*, unha obra contemporánea, festiva e explosiva, reflexo do que Mercedes Peón chama “música de autoestima cultural” onde se abre un universo de eclecticismo, recoñecemento hacia o local e difícil etiquetaxe.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

SÉS

María Xosé Silvar, coñecida artisticamente como SÉS, é unha das voces máis representativas da música galega contemporánea. Cunha traxectoria consolidada dende 2011, SÉS destaca por un estilo propio, froito da mistura dos diferentes estilos musicais consumidos na súa vida (música tradicional, rock, blues, folk e canción de autor). As súas letras, cargadas de compromiso social, feminismo e reivindicación cultural, e tamén de amor, convertérona nunha referencia dentro e fóra de Galicia.

Ao longo da súa carreira, SÉS publicou oito discos de estudio, nos que afonda nun discurso propio, sincero e directo, que conecta cun público fiel. Os seus traballos foron presentados en xiras por toda Galicia, así como noutras partes da península ibérica e en escenarios internacionais de Arxentina, Uruguai, México, Paraguai, O Salvador, Alemaña e Inglaterra.

A súa capacidade para conectar coa xente e a súa forza interpretativa levárona a ser recoñecida tanto polo público como pola crítica, consolidándose como unha artista fundamental na escena musical galega.



40ª FESTA DA
CARBALLEIRA
AGOSTO 2025

SEÑORA DJ

Señora DJ arranca o 2025 con forza tras pinchar na mítica sala Ocho y Medio de Madrid, consolidando a súa expansión nacional. Raquel Rodríguez de Vilagarcía de Arousa - Galicia, é sinónimo de esta, baile e diversidade. Dende o seu primeiro set no Festivala en 2016, pasou por festivais como Atlantic Fest, Vive Nigrán, Festival de la Luz ou PortAmérica, ademáis de salas como Karma, Sonar ou Kominsky en Vigo.

En 2024 deu o salto fora de Galicia coa súa actuación no 4 Latas de Madrid, e este ano quere seguir sumando datas por toda a península. A súa mistura ecléctica de disco, pop, urbano e techno, con o petardeo fino como marca persoal, convirte cada sesión nunha festa inolvidable. Cargada de divas tanto nacionais como internacionais (Rosalía, Rihanna, Britney, Mónica Naranjo, Zahara...).

Ademáis, aposta por visibilizar a mulleres compositoras, discursos feministas e pro-LGTBQ+, sin esquecer a música feita en galego.

¿Quén mellor para poñerse a os mandos da túa festa?

